

**Área: Competicións**

**Circular nº 26 - Temp. 25/26**

## **CAMBIO NO SISTEMA DE VALORACIÓN PARA A CONCESIÓN DAS FASES FINAIS**

Dende a Federación Galega de Balonmán, informámosvos de que tras as conversas con varios clubs, chegamos á conclusión de que co apartado 5.8 do “Sistema de Valoración Para a Concesión das Fases Finais” que figura na “Guía de Solicitud das Final 4”, relacionado co “Prezo dos Aloxamentos”, a pesar de estar incluído coa intención de favorecer aos clubs e á súa organización, estamos a conseguir o efecto contrario; xa que a negociación das ofertas está a ser un traballo moi complexo para moitos clubs, e para garantir a dispoñibilidade da reserva en moitos casos os establecementos están a esixir realizar un pago de reserva; si a isto lle sumamos que no 90% dos casos ningún club fai uso do aloxamento ofertado...chegamos á conclusión de que este punto crea confusión, unha importante carga de traballo, diferentes interpretacións e nalgúns casos, un problema para a súa valoración.

Por este motivo, dende a Federación Galega de Balonmán, substituímos este punto polo seguinte:

### **5.8. COBERTURA ALOXAMENTO/MANUTENCIÓN PERSOAL COMUNICACIÓN DA FGBm.**

Valorarase a cobertura do aloxamento, con posibilidade de réxime de pensión completa, de 7 persoas de comunicación da Federación Galega de Balonmán, dende o venres pola tarde ata o domingo ao mediodía. O aloxamento deberá dispor de todo o preciso para durmir (cama, sábanas,...), as habitacións poderán ser múltiples, agás no caso dunha persoa que deberá ser individual. Para este tipo de aloxamento serán válidos os hoteis, pensións, ou vivendas destinadas a uso exclusivo do persoal de comunicación da FGBm, e con capacidade para 8 persoas. No caso do réxime en pensión completa, as comidas de mediodía, poderán levarse a cabo no propio pavillón ou cantina do club.

COBERTURA	PUNTOS
Aloxamento en Réxime de Pensión Completa	6
Aloxamento sen comidas	3
Comidas sen aloxamento	1
Sen aloxamento e sen comidas	0

\* Para aloxamentos especiais tipo albergue ou similar, consultar antes á FGBm a súa validez.

Con esta mesma circular achegamos a “Guía de Solicitud de las Final 4” actualizada, que tamén se atopa na web.

Por este motivo, por favor, as solicitudes das Final 4 que quedan: infantil, cadete, 1ª Autonómica e 2ª Autonómica, deber seguir esta última actualización.

Se algún club, xa realizou a solicitude dalgunha Final 4, pregamos que aclare a súa oferta para este punto por escrito antes do remate do prazo para a solicitude da Final 4 correspondente.

Rogamos tomedes nota desta circular



En Vigo a 27 de marzo de 2026.